

## COPA DE GALICIA DE GRUPO "G" TEMPADA DO 2023

### 1.- DEFINICIÓNS.

O grupo G, engloba a aqueles vehículos pertencentes a algúns dos seguintes supostos:

- Vehículos grupo R-GT, GT Rallye, GT-Serie e GT+, con pasaporte.
- Vehículos Grupos N1, N2, N3, N5(MaxiRally), N6 (MaxiRallyGalego) con pasaporte.
- Vehículos S/ Art. 262 Anexo J
- Vehículos procedentes de circuitos, segundo o seu regulamento técnico con especificacións de adecuación para rallye normativa F.G. de A.
- Vehículos doutros grupos, baixo autorización expresa da F.G. de A., con expedición de pasaporte si fora de interese para o automobilismo galego e con aceptación expresa da Comisión Técnica.
- Vehículos que nunca foron homologados baixo autorización expresa da F.G. de A., con expedición de pasaporte administrativo si fora de interese para o automobilismo galego con informe de aceptación da Comisión Técnica.

Tódolos vehículos admitidos neste grupo deben estar conformes cos requisitos do presente Regulamento, e cumprir en todo momento cos Artigos 251, 252 e 253 do Anexo J da FIA.

1.1- Vehículos grupo R-GT. Son aqueles homologados pola FIA e teñen que cumprir co artigo 256 anexo J.

1.2-Vehículos grupo GT-Serie e GT+. Son todos aqueles homologados pola FFSA e deben cumprir ca normativa FFSA.

1.3-Vehículos grupo GT Rallye. Son todos aqueles homologados pola F.G. de A., ou pola RFEDA, procedentes dos GT3-FIA, de circuitos, e coa pertinente adaptación para rallyes, debendo cumprir a normativa GT-Rallye vixente, o seu peso mínimo estará indicado na súa ficha de homologación, e coa monta da brida correspondente.

1.4- Vehículos Grupos N1, N2, N3, N5 (MaxiRally), e N6 (MaxiRallyGalego). Son tódolos vehículos procedentes dos campionatos autonómicos e nacionais, debendo posuír a súa correspondente ficha de homologación da F.G. de A., ou da RFEDA, así como o correspondente pasaporte administrativo expedido pola F.G. de A. cun custo de 50 euros, por tempada, o ter que presentalo en tódalas verificacións administrativas e técnicas.

1.4.1.- Os vehículos N2. Serán admitidos todos aqueles vehículos provintes das copas monomarca de circuitos aprobadas pola F.G. de A., ou a RFEDA, nos últimos 8 anos.

1.4.2- Os vehículos N3. Serán admitidos todos aqueles vehículos provintes de venta en concesionarios e que non posúan homologación FIA, F.G. de A., RFEDA, ou téndoa. Deberán solicitala súa aceptación a participar no Campionato correspondente ó Departamento Técnico da F.G. de A., que decidirá sobre a mesma, confeccionará a súa correspondente ficha de homologación, e o seu pasaporte administrativo si tivera informe favorable da Comisión Técnica.

Estarán na obriga de montar unha brida restrictora dun diámetro interior máximo de 34 mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo, dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm, augas arriba, dun plano que pase polos extremos, máis augas arriba, dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 40 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado deste.

1.4.3 Os vehículos N1. Son vehículos derivados de Gr. N, homologados pola FIA, con turbocompresor e tracción a 2 ou 4 rodas motrices ós que se lles substitúe a carrocería monocasco por outra dun vehículo de venta en concesionarios de calquera fabricante, para os vehículos do grupo N1, deberase ter en conta o Art. 252-3 do Anexo J. Estarán na obriga de montar unha brida restrictora dun diámetro interior máximo de 34 mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo, dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm, augas arriba, dun plano que pase polos extremos, máis augas arriba, dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 34 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado deste.

1.4.4 Os vehículos N5 (MaxiRally). Son vehículos determinados, previamente homologados no



Grupo N ou no Grupo A, foron fabricados en serie nun número suficiente e cumpre coas esixencias do regulamento de homologacións para vehículos de "MaxiRally". As Variantes de sumministración (VF) da ficha dos Vehículos de Turismo (Grupo A) tamén son válidas para os vehículos de tipo "MaxiRally". Tódalas Variantes de Producción (VP) son válidas para os vehículos de tipo "MaxiRally". A(s) Variante(s) Opción (VO) da(s) ficha(s) dos Vehículos de Turismo (Grupo A) non serán válidas para os vehículos de tipo "MaxiRally", salvo que se refiran aos seguintes elementos:

- teito solar (incluídos teitos solares abatibles por encima da liña do teito).
- soportes e ancoraxes dos asentos.
- puntos de fixación dos arneses.

A(s) Variante(s) Opción para Súper Producción (SP) non serán válidas para os vehículos de tipo "MaxiRally". A(s) Variante(s) Opción para "MaxiRally" serán válidas unicamente para os vehículos de tipo "MaxiRally". Serán admitidas as versións de motorización, motor atmosférico ata 2.4 c.c., ou motor 1.6 c.c. turbo, no caso do motor turboalimentado deberá proverse dunha brida restrictora dun diámetro interior máximo de 34 mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo, dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm, augas arriba, dun plano que pase polos extremos, máis augas arriba, dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 40 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado deste.

1.4.5 Os vehículos N6 (MaxiRallyGalego). Son vehículos determinados, previamente homologados ou non, que foron fabricados por unidade con homologación da F.G. de A., e con expedición "ad hoc" do seu pasaporte administrativo, con liberdade de instalación de motorización de tipo atmosférico ata 2.400 c.c., e de tipo turboalimentado, ou con compresor, ata unha cilindrada de 2.500 c.c. A instalación obrigatoria dunha brida de 34 mm para os motores turboalimentados, e tamén de 34 mm para os motores con compresor.

1.5- Vehículos S/ Art. 262 Anexo J. Serán admitidos os vehículos construídos baixo este novo regulamento da F.I.A, debendo estar acorde en tódolos aspectos con dito regulamento:

1.6- Vehículos procedentes de circuitos ou rallyes serán admitidos os vehículos procedentes de circuitos ou rallyes, **previa consulta e autorización específica, no seu pasaporte técnico, expedido pola Comisión Técnica da F.G. de A.**, debendo cumprir co seu regulamento técnico do campionato de procedencia, salvo nos aspectos necesarios para a súa adaptación para competir en rallyes. Tamén son admitidos os vehículos procedentes das copas monarca de circuitos ou rallyes, segundo o seu regulamento técnico. Exemplos: Renault Clio Cup, León Supercopa, Peugeot 207 THP cup, 208 Racing Cup, Copa Abarth Vasca, Copa Suzuki, Copa Dacia, etc...

1.7.- Previa solicitude explícita á Comisión Técnica, da Federación Galega de Automobilismo, pódense admitir no Grupo G vehículos Super 2000, Super 1600, ou Kit Car 1600 con motorización de 2000 c.c. da mesma marca que o chasis. Os Super 2000 poden anulala tracción as catro rodas, facela a dúas rodas motrices, substituíndo o autoportante traseiro por un de Kit Car, Super 1600, ou similar.

1.8- Vehículos que nunca foron homologados baixo autorización expresa da F.G. de A. As características e dimensións das pezas destes vehículos deben ser sempre inferiores ou iguais ás características e dimensións máximas especificadas no vehículo de serie. Toda modificación non autorizada expresamente polo presente regulamento esta prohibida. Baixo autorización expresa da F.G. de A., estes vehículos poderán montar pezas que incumpran os requisitos do parágrafo anterior. Para iso, poderá ser elaborada unha ficha das modificacións autorizadas, e figurar expresamente no seu pasaporte administrativo expedido pola F.G. de A. coa supervisión e aprobación da Comisión Técnica da F.G. de A.

1.9- Vehículos específicos que sexan baixo autorización expresa da F.G. de A. Tódalas homologacións válidas para o grupo do que proveñan, ou non, son válidas para Grupo G sempre que sexan conformes co presente regulamento. Baixo autorización expresa da F.G. de A., estes vehículos poderán montar pezas que incumpran os requisitos do parágrafo anterior. Para iso deberán figurar, expresamente no pasaporte administrativo do vehículo tódalas modificacións soli-



citadas e autorizadas, incluso autorízase a monta de brida de 34 mm., nos vehículos do Grupo N6 (MaxiRallyGalego).

## 2.- NORMAS PARA OS VEHÍCULOS.

-Probas de estrada (rallyes e montaña): Naqueles casos no que corresponda, os vehículos deberán posuír o certificado de inspección técnica de vehículos I.T.V. do ano en curso. O devandito certificado non deberá presentar ningunha anomalía, e estar vixente.

-Para tódalas probas: O vehículo deberá presentarse nas verificacións técnicas, das probas, en perfectas condicións de mecánica, carrocería, electricidade, etc... e, ademais, con tódolos elementos de seguridade correctamente instalados. Será denegada a saída aos vehículos que non estean en perfectas condicións e, se lles corresponde, non presenten o certificado de I.T.V. debidamente legalizado, así como o Seguro Obrigatorio de Accidentes do vehículo en vigor, para a tempada, ou para a proba en cuestión.

## 3.- CLASES DE VEHICULOS.

Os vehículos do grupo G divídense como máximo nas seguintes Agrupacións:

Agrupación 1.

Agrupación 2.

No caso de sobrealimentación, a cilindrada nominal multiplicarase por 1,7 para vehículos de gasolina, e por 1,5 para vehículos diésel, e o vehículo será reclasificado na clase correspondente á cilindrada ficticia resultante desta multiplicación. O vehículo será considerado, en tódolos casos, coma se a cilindrada así obtida fose a real. Isto é particularmente válido para a súa clasificación por clase de cilindrada, as súas dimensións interiores, o seu número mínimo de prazas, o seu peso mínimo, etc.

## 4.-VERIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

O concursante deberá presentar obrigatoriamente:

a) En tódalas probas:

- Pasaporte Administrativo do vehículo expedido pola F.G. de A., coa súa numeración, selo seco e húmido.

- Pasaporte Técnico do vehículo expedido pola F.G. de A., coa súa numeración

b) Probas na estrada (rallyes e montaña):

- Ficha de homologación se corresponde.

- Certificado de I.T.V. do vehículo se corresponde.

- Recibo do seguro en vigor se corresponde.

## 5.- DIMENSIÓNS E PESOS.

5.1.- Distancia ao chan. Ningunha parte do vehículo deberá tocar o chan cando tódolos pneumáticos dun mesmo lado estean desinflados. Esta proba realizarase sobre unha superficie plana nas condicións de carreira (ocupantes a bordo).

5.2.-Pesos mínimos. Os vehículos están suxeitos á súa ficha de homologación, Pasaporte Administrativo, no caso de non estar indicado rexeranse pola seguinte escala de pesos mínimos en función da súa cilindrada.

Ata 1.000 cm <sup>3</sup>	720 Kg.
Máis de 1.000 cm <sup>3</sup> a 1.150 cm <sup>3</sup>	790 Kg.
Máis de 1.150 cm <sup>3</sup> a 1.400 cm <sup>3</sup>	840 Kg.
Máis de 1.400 cm <sup>3</sup> a 1.600 cm <sup>3</sup>	920 Kg.
Máis de 1.600 cm <sup>3</sup> a 2.000 cm <sup>3</sup>	1.000 Kg.
Máis de 2.000 cm <sup>3</sup> a 2.500 cm <sup>3</sup>	1.080 Kg.
Máis de 2.500 cm <sup>3</sup> a 3.000 cm <sup>3</sup>	1.150 Kg.
Máis de 3.000 cm <sup>3</sup> a 3.500 cm <sup>3</sup>	1.230 Kg.
Máis de 3.500 cm <sup>3</sup> a 4.000 cm <sup>3</sup>	1.310 Kg.
Máis de 4.000 cm <sup>3</sup> a 4.500 cm <sup>3</sup>	1.400 Kg.



Máis de 4.500 cm <sup>3</sup> a 5.000 cm <sup>3</sup>	1.550 Kg.
Máis de 5.000 cm <sup>3</sup> a 5.500 cm <sup>3</sup>	1.590 Kg
Máis de 5.500 cm <sup>3</sup>	1.680 Kg.

5.3.-En Rallyes, para vehículos de catro rodas motrices, cun motor atmosférico dunha cilindrada entre 1.600 c.c. e 3.000 c.c., ou ben cun motor turboalimentado ou con compresor, terá unha brida imposta polo artigo correspondente e unha cilindrada, equivalente, menor ou igual a 3.500cc o peso mínimo fíxase en 1.230kg. para rallyes de asfalto, e de 1.200kg. para as demais probas.

5.4.-Para os vehículos con mecánica provinte de motocicleta aplicarase os seguintes pesos.

Ata 1.400 cm<sup>3</sup> 500 Kg. (si é bimotor súmanse as cilindradas).

Máis de 1.401 cm<sup>3</sup> a 2.800 cm<sup>3</sup> 1.000 Kg. (si é bimotor súmanse as cilindradas).

Máis de 2.801 cm<sup>3</sup> 1.200 Kg. (si é bimotor súmanse as cilindradas).

5.5.- Este é o peso real do vehículo, sen piloto nin copiloto, nin o seu equipamento, e cun máximo dunha roda de reposto. En ningún momento da proba, un vehículo poderá pesar menos que o seu peso mínimo.



6.- FIA R4 KIT.

ORECA CUSTOMER RACING SERVICE. FIA R4 KIT OFFICIAL SUPPLIER (PINCHAR ENRIBA DA IMAXE PARA VELO).

[http://www.fga.es/wp-content/uploads/2017/09/ORECA\\_Plaquette\\_R4\\_FR.pdf](http://www.fga.es/wp-content/uploads/2017/09/ORECA_Plaquette_R4_FR.pdf)



REGULAMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA COCHES EQUIPADOS CON R4 KIT (PINCHAR ENRIBA DA IMAXE PARA VELO).

[http://www.fga.es/wp-content/uploads/2017/09/appendix\\_j\\_2017\\_-\\_article\\_260e\\_-\\_specific\\_regulations\\_for\\_cars\\_fitted\\_with\\_r4\\_kit\\_-\\_19.06.2017.pdf](http://www.fga.es/wp-content/uploads/2017/09/appendix_j_2017_-_article_260e_-_specific_regulations_for_cars_fitted_with_r4_kit_-_19.06.2017.pdf)

RALLYES / MONTAÑA

RALLYE 4 - R4 Especies REGLEMENTATION		RALLY 4 / R4 Pairs REGULATIONS	
<b>ARTICLE 260E - 2017 REGLEMENTATION SPECIFIQUE AUX VOITURES EQUIPEES DU KIT-R4 SPECIFIC REGULATIONS FOR CARS FITTED WITH R4 KIT</b>			
00-0	<b>Préambule :</b> Cet Article 260E doit être utilisé avec les Articles 251, 252 et 253 de l'Annexe J et avec les fiches KIT-R4 et les fiches d'homologation ASN-R4.	<b>Foreword:</b> this Article 260E must be used with Articles 251, 252 and 253 of Appendix J and with the corresponding KIT-R4 and ASN-R4 homologation forms.	
<b>DEFINITION / DEFINITION</b>			
01-1	Voitures de Tourisme ou de Grande Production de Série, moteur suralimenté essence, 4 roues motrices.	Touring Cars or Large Scale Series Production Cars, supercharged Petrol engine, 4 wheel drive.	
01-2	Les Kits R4 ne peuvent être montés que sur des modèles de voitures de série avec 2 roues motrices ou 4 roues motrices produit à plus de 2500 exemplaires en 12 mois consécutifs.	The R4 kits may be fitted only on Series Production Cars with 2 wheel drive or 4 wheel drive produced in a quantity of at least 2500 units within 12 consecutive months.	
<b>HOMOLOGATION / HOMOLOGATION</b>			
02-0	La validité de l'homologation d'un « Kit-R4 » sera accordée pour une durée de 7 années renouvelable pour deux périodes 2 années chacune. De plus, les voitures équipées d'un kit R4 et utilisées sur route ouverte doivent être immatriculées pour utilisation routière.	The homologation validity of one "R4-Kit" will be granted for 7 years, to be renewed twice for 2 years each time. Furthermore, cars fitted with a R4 kit and used on open roads must be officially registered for road use.	
02-1	La fiche d'homologation du kit R4 doit être utilisée, complétée par la fiche d'homologation ASN-R4 et la fiche d'homologation signature de sécurité ASN.	The homologation form VK kit R4 must be used, completed by the homologation form /ASN R4 and the ASN homologation for safety cage.	
<b>Disponibilité des pièces :</b> Toutes les pièces homologuées en variante kit R4 doivent être disponibles pour tout concurrent pendant toute la durée de validité de l'homologation.			
<b>Disponibilité des pièces :</b> All the parts homologated in R4 kit variant must be available for any competitor throughout the all period during which the homologation is valid.			
<b>Fiche d'homologation ASN-R4 :</b> L'utilisation du modèle approuvé et publié par la FIA est obligatoire. Les dimensions suivantes correspondent à la voiture de série (voir manuel d'homologation FIA) doivent être indiquées : - Longueur (hors-loup) - Pont à faux avant - Pont à faux arrière - Empattement Les informations suivantes correspondant à la voiture de type R4 doivent être mentionnées : - Positionnement (coordonnées / dimensions) du KIT-R4 dans la coque de la voiture de série (voir Annexe 1) - Dossier de modification de coque (voir article 900-f) - Supports de siège et ancrages pour support de siège - Mousse de sécurité pour siège lateral - Harnais de porte - Pare-brise Chaque kit R4 (produit et vendu) doit être déclaré au département technique de la FIA par le fournisseur désigné par la FIA. Pour chaque voiture de type R4, les ASN doivent déclarer à la FIA :			
<b>Homologation form ASN-R4 :</b> The use of the template approved and published by the FIA is compulsory. The following dimensions corresponding to the series production car (see FIA homologation manual) must be declared : - Overall length - Front overhang - Rear overhang - Wheelbase The following informations corresponding to the R4 type car must be mentioned : - Positioning (coordinates / dimensions) of the R4-KIT in the series production bodyshell - Bodyshell modification dossier (see article 900-f) - Seat supports and anchorages for seat support - Safety foam for lateral crash - Door pannel - Windscreen Each R4 kit (produced and sold) must be declared to the FIA technical department by the supplier designated by the FIA. For each R4 type car, the ASN must declare to FIA :			

